



FACULDADE DE ENFERMARÍA

**REGULAMENTO DE
RÉXIME INTERNO
DA
FACULDADE
DE ENFERMARÍA**

REGULAMENTO DE RÉXIME INTERNO DA FACULTADE DE ENFERMARÍA

	Pág.
TÍTULO PRELIMINAR	1
TÍTULO I: DO GOBERNO DA FACULTADE	2
CAPÍTULO I: Dos órganos de goberno da Facultade de Enfermaría	2
CAPÍTULO II: Dos órganos colexiados	3
CAPÍTULO III: Dos órganos unipersoais	8
TÍTULO II: DAS COMISIÓNS DELEGADAS DA XUNTA DE FACULTADE	10
CAPÍTULO I: Das comisións, as súas competencias e funcionamento	10
CAPÍTULO II: Da comisión do título do grao e mestrado	11
CAPÍTULO III: Da comisión intercentros do título de grao	13
CAPÍTULO IV: Das comisións do resto das titulacións impartidas na Facultade	13
CAPÍTULO V: Da comisión de calidade do centro	13
CAPÍTULO VI: Da comisión de prácticas	14
CAPÍTULO VII: Da comisión da biblioteca	15
TÍTULO III: DOS COORDINADORES	16
CAPÍTULO I: Do coordinador do título de grao ou mestrado	16
CAPÍTULO II: Coordinador/a de títulos interuniversitarios	16
TÍTULO IV: DA REFORMA DO REGULAMENTO	17
DISPOSICIONS ADICIONAIS	18
DISPOSICIÓN FINAL	18

REGULAMENTO DE RÉXIME INTERNO DA FACULTADE DE ENFERMARÍA

*Aprobado pola Xunta de Facultade do día 24 de maio de 2018
e ratificado polo Consello de Goberno do día 21 de xuño de 2019*

TÍTULO PRELIMINAR

Artigo 1.- A Facultade de Enfermaría da Universidade de Santiago de Compostela é o centro encargado do deseño, planificación da docencia, organización e xestión dos estudos conducentes á obtención dos títulos académicos oficiais de grao e mestrados da súa competencia.

Tamén poderá impartir ensinanzas conducentes á obtención doutros diplomas e títulos universitarios, oficiais e propios. (artigo 50.1 dos Estatutos da USC).

Artigo 2.- Para o desempeño das funcións que lle confire a LOU e os Estatutos da Universidade de Compostela, a Facultade de Enfermaría rexerase polo presente Regulamento de Réxime Interno.

Artigo 3.- A Facultade de Enfermaría velará especialmente pola promoción da lingua galega, garantirá a integración das persoas con discapacidade, promoverá a igualdade entre homes e mulleres, a conciliación da vida persoal, familiar e laboral e preocuparase polo desenvolvemento sustentable, en liña co Plan de Igualdade de Xénero e coa Memoria de Responsabilidade Social da USC.

Artigo 4.- Son funcións da Facultade de Enfermaría (Artigo 51 dos Estatutos da USC):

- a) A elaboración dos plans de estudos das titulacións impartidas polo centro e a participación na elaboración daquelas outras compartidas por varios centros.
- b) A organización e a xestión dos servizos docentes que lle correspondan.
- c) A coordinación, a supervisión e o control da actividade docente desenvolvida no centro, das prácticas tuteladas externas e/ou prácticum contemplados nos plans de estudos e a

- participación nos procedementos que estableza a Universidade para a avaliación da calidade docente.
- d) A elaboración dun calendario de actividades lectivas para cada curso, que se deberá facer público con anterioridade á apertura da matrícula.
 - e) A promoción de programas de intercambio.
 - f) A promoción e implantación de medidas para a realización de prácticas externas.
 - g) A realización das actividades de xestión académica que lle encomende a Universidade.
 - h) A administración dos espazos, servizos, equipamentos e recursos do centro e o control da súa calidade.
 - i) O coñecemento da actividade investigadora que se desenvolva no centro.
 - j) A realización de actividades de formación permanente ou de extensión universitaria no seu ámbito de competencia.
 - k) A promoción de estudos de posgrao.
 - l) A promoción de actividades de colaboración con outras institucións públicas o privadas de carácter universitario, empresarial, colexios profesionais, para o desenvolvemento de actividades docentes ou complementarias de interese para os estudantes e profesorado.

TÍTULO I: DO GOBERNO DA FACULTADE

CAPITULO I: DOS ÓRGANOS DE GOBERNO DA FACULTADE DE ENFERMARÍA

Artigo 5.- O goberno da Facultade de Enfermaría da USC recaerá en órganos colexiados ou unipersoais.

1. Son órganos colexiados da Facultade de Enfermaría:

Xunta de Facultade.

Comisión Permanente.

2. Son órganos unipersoais da Facultade de Enfermaría:

A decana ou decano.

As vicedecanas ou vicedecanos.

A secretaria ou secretario.

Artigo 6.- As decisións dos órganos colexiados do Centro adoptarán a forma de acordos e as dos órganos unipersoais, a de resolucións.

CAPITULO II: DOS ÓRGANOS COLEXIADOS

Artigo 7.- A Xunta de Facultade é o órgano colexiado de goberno do centro aproba as liñas xerais de actuación no ámbito da Facultade e supervisa o labor dos seus órganos de dirección e xestión.

1. A Xunta de Facultade estará composta por:

a) A decana ou decano, que a convocará e presidirá.

b) As vicedecanas ou vicedecanos.

c) A secretaria ou secretario, que o será tamén da Xunta.

d) O/a responsable da unidade de xestión do centro.

e) O/a director/a da biblioteca do centro ou da correspondente biblioteca intercentros.

f) O seguinte persoal docente e investigador e persoal investigador en formación con docencia no centro e censado nel, así como o non censado que teña neste un encargo docente igual ou superior ao 35% da capacidade docente dun profesor a tempo completo:

— Todo o profesorado con vinculación permanente á Universidade, que representará o 51%.

— O resto, sempre que non exceda do 10% do total da Xunta.

g) Unha representación do estudantado do 32%.

h) Unha representación do persoal de administración e servizos censado no centro, nunha proporción do 7% do total da Xunta, cun mínimo de dous.

i) Consonte cos Estatutos da USC:

- O persoal docente e investigador a tempo parcial non poderá representar máis do 5%.
- O estudiantado de grao non poderá representar menos do 20% e garantirase a representación do estudiantado de máster e doutoramento cando proceda.

2. Todos os representantes elixidos serano por dous anos, agás os estudantes, que o serán por un ano. A condición de membro da Xunta perderase ao cesar a vinculación co centro ou ao deixar de cumprir os requisitos demandados ao sector polo que se foi elixido.

Cando un representante elixido cause baixa por calquera motivo, será substituído, de ser posible, polo seguinte candidato máis votado no seu sector.

O persoal docente e investigador e os estudantes estarán censados neste centro.

3. Poderá participar na Xunta de Facultade como invitado, con voz pero sen voto, con carácter excepcional e puntual, calquera persoa, por debaterse algún asunto no que deba expor o seu parecer.

Artigo 8. -Son competencias da Xunta de Facultade:

- a) A elección do decano/a e, de ser o caso, a súa remoción mediante unha moción de censura construtiva que, en todo caso, deberá ser aprobada pola maioría absoluta dos membros da Xunta de Facultade.
- b) A elección dos membros non natos das distintas comisións e, no seu caso, a súa revocación.
- c) A elaboración e a aprobación do seu Regulamento de réxime interno.
- d) A supervisión da xestión dos restantes órganos de goberno e de administración do centro.
- e) A elaboración e a aprobación dos proxectos de plans de estudos das titulacións adscritas ao centro, consonte a lexislación vixente e ás normas xerais emanadas do Claustro Universitario.
- f) A aprobación das liñas xerais da política académica do centro e, entre elas, a proposta e implantación de novas titulacións oficiais, de creación de escolas de especialización profesional dependentes do centro e organización das ensinanzas conducentes a la obtención de outros diplomas e títulos.

- g) A organización dos servizos docentes para a obtención dos títulos académicos do seu ámbito, así como a coordinación e a supervisión da actividade docente do profesorado con docencia no centro, e igualmente a supervisión do seu cumprimento.
- h) A programación dos espazos, servizos e equipamentos do centro e a supervisión da súa xestión.
- i) A distribución das asignacións orzamentarias concedidas ao centro e o control da súa aplicación.
- j) O informe verbo das propostas de creación, modificación ou supresión de departamentos relacionados co centro pola súa docencia e investigación.
- k) A organización de actividades de formación permanente e de extensión.
- l) A manifestación da súa opinión verbo de calquera asunto relacionado co centro ou coas súas actividades.
- m) Calquera outra competencia que lle atribúan os Estatutos da USC ou lle encomende un órgano competente ou a lexislación vixente.

Artigo 9.- Do funcionamento da Xunta de Facultade.

1. A Xunta de Facultade reunirse en sesión ordinaria polo menos tres veces durante o curso académico en período lectivo, e con carácter extraordinario cando así o decidan a Decano/a ou a Comisión Permanente ou a petición de alomenos un terzo dos membros da Xunta.
2. A convocatoria, coa inclusión da orde do día, deberá notificarse por escrito cunha antelación mínima de dous días, consonte o artigo 19.2d) da Lei 40/2015, de Réxime xurídico do sector público.
3. A Xunta de Facultade quedará constituída en primeira convocatoria cando asista a metade máis un dos membros con dereito a voto. De non existir quórum a Xunta constituirase, de non especificarse outra cousa, en segunda convocatoria dez minutos despois da sinalada para a primeira, sempre que estean presentes a terceira parte dos seus membros.

Os acordos adoptaranse por asentimento a proposta do decano/a ou mediante votación. Neste último caso, os acordos para ser válidos deberán ser aprobados pola maioría simple dos membros presentes con dereito a voto. As votacións poderán ser públicas e a man alzada, ou secretas

cando así sexa solicitado por un mínimo de tres membros da Xunta. Nas votacións non se admitirá o voto anticipado nin delegado.

4. Non poderá ser obxecto de deliberación ou acordo ningún asunto que non figure incluído na orde do día, agás que estean presentes todos os membros da Xunta de Facultade e sexa declarada a urxencia do asunto polo voto favorable da maioría.

5. A Comisión Permanente, ou un terzo dos membros da propia Xunta, poderán determinar a inclusión de puntos concretos na orde do día das sesións da Xunta de Facultade.

6. Requirirase a maioría absoluta dos membros asistentes con dereito a voto nos seguintes casos:

- Aprobación do Regulamento de réxime interno.

- Aprobación do programa de estudos.

Artigo 10.- A Comisión Permanente é un órgano deliberador e executivo da Xunta de Facultade e ten a súa representación permanente para axilizar a xestión dos asuntos da súa competencia. As decisións que adopte acerca dos mesmos serán vinculantes para a Xunta de Facultade, a menos que se produza unha revogación expresa destas no seu Pleno

Artigo 11.- Composición da Comisión Permanente.

- a) Decano/a
- b) 1 Vicedecano/a
- c) A secretario/a
- d) O/a xestor/a do centro
- e) 3 PDI con vinculación permanente
- f) 1 PDI do resto das categorías
- g) 1 estudante
- h) 1 PAS

Serán membros natos:

O/a decano/a que a convocará e a presidirá, o/a vicedecano/a e a secretario/a, (que o será tamén da propia Comisión) e o xestor/a do centro.

Os membros da comisión permanente da Xunta de Facultade serán elixidos de entre os seus membros cada vez que se renove a composición da mesma, isto é, cada dous anos, agás a representación de estudantes que se renovará anualmente. Os seus membros elixíranse, salvo consenso do sector, sometendo á votación unha listaxe aberta por cada sector do persoal afecto, resultando elixidos aqueles que acaden un maior número de votos.

A renovación ou substitución dos membros das comisións delegadas farase despois das eleccións o/a decano/a. Mentres non haxa elección de decano/a, os membros renovaranse logo dos correspondentes procesos electorais nos diferentes sectores.

Artigo 12.- Competencias da Comisión Permanente.

- a) Velar polo cumprimento dos acordos adoptados na Xunta de Facultade.
- b) Coñecer e decidir sobre asuntos de trámite.
- c) Asesorar en todas aquelas cuestións que o/a Decano/a lle solicite no exercicio das súas competencias, e decidir de ser o caso, sobre as que lle delegue expresamente.
- d) Coñecer e decidir sobre calquera asunto que sexa competencia da Xunta de Facultade e non estea reservado expresamente a esta.
- e) Resolver as cuestións de carácter administrativo que requiran o acordo da Xunta ou ben o informe da Facultade e que, polo seu número ou pola improrrogabilidade dos prazos, non se poidan someter á consideración da Xunta de Facultade.
- f) A creación de grupos de traballo, fixando a súa finalidade, compoñentes e funcionamento sempre que a urxencia dalgún tema o aconselle. A Xunta de Facultade deberá ser informada ó respecto disto na primeira sesión ordinaria.
- g) Aquelas outras que lle delegue o Xunta, ou que lle atribúa o presente Regulamento.
- h) Desenvolver accións e promover actividades tendentes a favorecer o uso do galego no ámbito da Facultade, ben como a súa difusión e promoción no ámbito científico.
- i) Desenvolver medidas que garantan a aplicación dos principios de igualdade de xénero.

Artigo 13.- Funcionamento da Comisión Permanente.

O funcionamento da Comisión Permanente rexerese polo indicado no artigo 9 do presente Regulamento, no que lle corresponda.

CAPÍTULO III: DOS ÓRGANOS UNIPERSOAIS

Artigo 14.- O/a decano/a representa á Facultade, exerce a súa dirección e a xestión ordinaria, preside e coordina a actuación dos seus órganos colexiados e executa os seus acordos.

Artigo 15.- Competencias do Decano/a.

- a) A representación da Facultade.
- b) A presidencia das reunións da Xunta de Facultade e a de calquera outro órgano colexiado delas, así como a execución dos seus acordos.
- c) Asegurar o cumprimento da normativa legal vixente.
- d) A dirección académica de todas as titulacións oficiais adscritas ao centro.
- e) A dirección económica das actividades organizadas polo centro.
- f) A proposta ao reitor/a do nomeamento e cesamento da secretario/a da Facultade e, de ser o caso, dos/as vicedecanos/as, dentro do límite que sinala o Consello de Goberno.
- g) A proposta ao reitor/a do nomeamento e cesamento dos coordinadores/as das titulacións oficiais da Facultade.
- h) A vixilancia do respecto dos dereitos e do cumprimento dos deberes de todos os membros da comunidade universitaria que desenvolven o seu labor no centro.
- i) O control do cumprimento das obrigas docentes e discentes.
- j) O control do axeitado mantemento do patrimonio do centro.
- k) Dirimir con o seu voto os empates, a efectos de adoptar acordos.
- l) O exercicio das restantes funcións que se deriven do seu cargo, así como aquelas outras que lle sinalen nos Estatutos da USC ou a lexislación universitaria.

As competencias do Decano/a estenderanse a todos os asuntos concernentes ao goberno e á administración da Facultade que non estean atribuídos a outros órganos.

Artigo 16.- Elección de decano/a

1. O/a decano/a será elixido/a Xunta de Facultade entre os/as profesores/as con vinculación permanente censados no Centro.

2. A elección do/a decano/a realizarase seguindo as disposicións sinaladas no Regulamento Electoral Xeral da Universidade de Santiago de Compostela para a elección de cargos unipersoais. No caso de concorrencia de máis dun candidato, as eleccións celebraranse de acordo co sistema de dobre volta. En primeira volta resultará elixido/a o/a candidato/a que obtivera a maioría absoluta dos votos validamente emitidos. Se esta non é alcanzada, procederase a unha segunda votación, que se poderá celebrar na mesma sesión ou, a máis tardar, dentro dos 3 días seguintes á primeira, e á cal poderán concorrer os/as dous/dúas candidatos/as máis votados/as na primeira volta, que manteñan a súa candidatura, resultando elixido/a o/a que obtivera o maior número de votos. No caso de empate na segunda votación, esta repetirase. De manterse o empate, terá preferencia o/a candidato/a que sexa máis antigo/a de acordo cos Estatutos da USC. No caso dun único candidato, só se celebrará unha votación, resultando elixido o candidato se obtén o 25% ou máis dos votos emitidos.
3. O mandato do/a decano/a será de catro anos e o mesmo candidato non poderá ocupar o cargo máis de dous mandatos consecutivos. O decano/a cesará por remate do seu mandato, por dimisión, por disolución do órgano colexiado ou como consecuencia dunha moción de censura construtiva aprobada por maioría absoluta.
4. Para que a Xunta de Facultade poida resolver sobre unha moción de censura contra o/a Decano/a ou contra calquera persoa que ocupe un cargo por elección da propia Xunta, esta moción deberá aparecer claramente formulada na orde do día da sesión. Para que a moción de censura resulte aprobada requirirase o voto favorable da maioría absoluta dos membros da Xunta de Facultade con dereito a voto.

Artigo 17.- Os/as vicedecanos/as

1. Os/as vicedecanos/as serán nomeadas polo Reitor/a, a proposta do Decano/a, de entre os membros da comunidade universitaria da facultade que reúnan os requisitos establecidos no artigo 71 dos Estatutos da USC.
2. É labor dos vicedecanos/as coordinaren ou dirixiren, baixo a autoridade do Decano/a, a área ou áreas de competencias que este lles encomende, sen prexuízo de que as funcións técnico-administrativas correspondan ao persoal de administración e servizos. De existiren varias vicedecanos/as, o/a decano/a designará quen ten que substituíla, en caso de ausencia ou enfermidade.
3. Os vicedecanos serán cesados polo reitor/a, logo da proposta do decano, ou a petición propia.

Artigo 18.- O/a Secretario/a

1. O/a secretario/a da Facultade é quen dá fe dos actos e acordos dos órganos de goberno, representación e administración do centro e, como tal, ten encomendada a custodia das actas e a expedición das certificacións dos acordos e de todos os actos ou feitos que consten nos documentos oficiais do centro. Ademais, exercerá aquelas outras funcións que lle encomenden ao decano/a, a lexislación vixente e os Estatutos da USC.
2. O/a secretario/a será nomeado polo reitor/a, segundo a proposta do decano/a, de entre os profesores ou funcionarios dos subgrupos A1 e A2 censados no centro, según os artigos 71 e 101.2 dos Estatutos da USC.
3. O/a secretario/a será cesado polo reitor, logo da proposta do decano/a, ou por petición propia.

TÍTULO II : DAS COMISIÓNS DELEGADAS DA XUNTA DE FACULTADE

CAPÍTULO I: DAS COMISIÓNS, AS SÚAS COMPETENCIAS E FUNCIONAMENTO

Artigo 19.- A Xunta de Facultade, ademais das comisións delegadas, poderá crear outras, de carácter non estable, para asuntos concretos.

Artigo 20.- As comisións delegadas serán:

- a) Comisións do Título do Grao e Mestrados.
- b) Comisión do Título Intercentros.
- c) Comisións académicas do resto das titulacións impartidas na Facultade.
- d) Comisión de Calidade do Centro.
- e) Comisión de Prácticas.
- f) Comisión de Biblioteca.

Ademais destas comisións, a Xunta de Facultade poderá crear outras de carácter temporal para tratar asuntos concretos.

Artigo 21.

1. Os membros das comisións delegadas, a excepción das comisións de títulos de grao e mestrados, teñen que selo tamén da Xunta de Facultade. Estas comisións, cando se considere oportuno, poderán invitar a outras persoas a participaren nelas, con voz pero sen voto.
2. Os membros das comisións delegadas serán elixidos entre os membros de cada sector da Xunta de Facultade. O/A decano/a ou persoa na que delegue, formará parte e presidirá as comisións.
3. A renovación ou substitución dos membros das comisións delegadas farase despois das eleccións a decano/a. Mentres non haxa elección de decano/a, os membros renovaranse logo dos correspondentes procesos electorais nos diferentes sectores.
4. Os membros das comisións delegadas cesarán no momento en que perdan a súa condición de membros da Xunta segundo o Regulamento electoral da USC. Os postos vacantes por cese ou dimisión serán cubertos no prazo máis breve posible tras unha elección dentro do sector correspondente.
5. O secretario da Facultade actuará como secretario das comisións, salvo que na súa composición se estableza outra cousa.
6. O funcionamento das comisións rexerese polo indicado no artigo 9 do presente Regulamento, no que lle sexa de aplicación.
7. O réxime de constitución das comisións será o mesmo que o da Xunta de Facultade.
8. Os acordos, informes, propostas e recomendacións das comisións delegadas adoptaranse por maioría simple. Os acordos das comisións, agás naqueles casos que lle foran delegados, deberán someterse á aprobación da Xunta.

CAPÍTULO II: DAS COMISIÓNS DOS TÍTULOS DO GRAO E MESTRADO

Artigo 22.- Composición das Comisións dos Títulos do Grao e Mestrado

- a) A/o Decano/a ou responsable do centro o persoa en quen delegue, que será quen a presida.
- b) Coordinador/a do título.

- c) Responsable de Calidade do centro.
- d) O/a xestor/a do centro.
- e) O/a secretario/a será elixido entre os membros da comisión
- f) 4 membros PDI, representantes das áreas de coñecemento que participan na docencia do título proporcionalmente a carga lectiva e que estén a tempo completo.
- g) 2 membros do PDI de outras dedicacións distintas a o tempo completo.
- h) 1 estudante do título.

Poderá participar na comisión calquera outra persoa, con voz pero sen voto, cando así o demande a natureza do asunto a tratar. En todo caso, será necesaria a solicitude previa ou invitación.

A renovación da comisión do título efectuarase cada catro anos. Para os estudantes, a renovación farase consonte a duración dos seus estudos en tanto manteñan tal condición na titulación. Nos títulos interuniversitarios procederase consonte ao que determine o convenio.

Artigo 23.- Competencias das Comisións dos títulos oficiais da Facultade.

- a) Formular a proposta de oferta de prazas e criterios de admisión, de acordo coa memoria do título.
- b) Formular a proposta de programación docente anual (PDA) e a asignación de docencia das materias do título a áreas de coñecemento, previa consulta aos departamentos participantes para su tramitación. Unha vez comunicada por parte do centro a aprobación do PDA aos departamentos que interveñen na docencia do título, estes asignarán o profesorado as materias do título de acordo coa normativa vixente e a cualificación docente e investigadora do PDI.
- c) Aprobar as propostas de colaboración docente do persoal externo a USC, para á súa tramitación pola Vicerreitoría competente, indicando os custos e recursos cos que conta para a súa participación.
- d) Revisar a guía docente de cada materia previamente aprobada polo departamento que ten asignado a encarga docente, para supervisar que o programa e demais partes da programación anual de cada materia se adaptan á memoria verificada do título vixente e dar traslado do seu informe a xunta do centro para a súa aprobación.
- e) Emitir informes en relación con adaptacións/validacións.

f) Tramitar propostas de modificación do título consonte ao establecido neste documento e a normativa en vigor.

g) Todas aquelas outras funcións do tipo académico necesarias para o correcto desenvolvemento do programa e que non fosen encargadas a ningún outro órgano.

CAPÍTULO III: DA COMISIÓN INTERCENTROS DO TÍTULO DE GRAO

Artigo 24.- Terá a súa sede no centro responsable do título.

Artigo 25.- Composición e competencias.

Estará composta polos membros da comisión do título do centro responsable e o representante do título dos outros centros.

As competencias serán todas aquelas que teñan que ver coa coordinación do título.

CAPÍTULO IV: DAS COMISIÓNS DO RESTO DAS TITULACIÓNS IMPARTIDAS NA FACULTADE

Artigo 26.- Estarán presididas polo Decano/a.

Artigo 27.- Rexeranse polas súas propias normas, garantindo en todo caso na súa composición a representación dos distintos sectores implicados na titulación.

CAPÍTULO V: DA COMISIÓN DE CALIDADE DO CENTRO

Artigo 28.- A Comisión de Calidade do Centro (CCC) é un órgano que participa nas tarefas de planificación, desenvolvemento e seguimento do SGIC do Centro, actuando ademais como medio de difusión interna do Sistema e dos seus logros.

Artigo 29.- Composición da Comisión de Calidade do Centro.

- a) Decano/a da Facultade ou representante do centro ou persoa en quen delegue.
- b) Responsable de Calidade do Centro (RCC).
- c) Coordinadoras/es de Titulación/s.

- d) Xestor/a do centro.
- e) 1 alumno/a.
- f) Outros membros que o/a Decano/a considere oportuno proboñer á Xunta de Centro para o bo funcionamento do SGIC con voz pero sen voto.

Artigo 30.- Funcións da Comisión de Calidade do Centro.

- a) Realizar o deseño, a implantación, o seguimento e mellora do SGIC no Centro.
- b) Elaborar a Memoria de Calidade do Centro que englobará distintos informes e memorias:
 - Proposta do plan de melloras do centro para o curso seguinte que recollerá as propostas de mellora dos Títulos derivadas dos seus informes de seguimento.
 - Informe do seguimento da implantación do SGIC e as súas propostas de mellora.
 - Informes de seguimento dos Títulos.

CAPÍTULO VI: DA COMISIÓN DE PRÁCTICAS

Artigo 31.- A súa función é a organización e a coordinación da docencia práctica de grao e mestrados.

Artigo 32.- Composición da Comisión.

- a) Decano/a ou persoa en que delegue
- b) Coordinador/as de Prácticas
- c) 1 PDI non vinculado
- d) 1 PDI vinculado
- e) 5 PACS
- f) 2 alumnos/as (preferentemente de 3^{er} e 4^o curso).
- g) 1 representante do SERGAS

Artigo 33.- Competencias da comisión de prácticas.

- a) A proposta do número e distribución de prazas de prácticas en cada curso académico, así como os centros e unidades onde se desenvolvan as prácticas tuteladas.

- b) Revisar e actualizar periodicamente la normativa referente ás prácticas tuteladas e velar polo seu cumprimento.
- c) Revisar e actualizar as follas de avaliación.
- d) Atender as incidencias acaecidas durante o desenvolvemento das prácticas, propor e
- e) executar formas de resolución e canalizalas cando estas non sexan competencia desta comisión.
- f) Participar na revisión e renovación dos convenios establecidos con institucións socio – sanitarias.
- g) Valorar as propostas do estudantado para a realización de prácticas en determinados centros/unidades.
- h) Participar na organización das prácticas co profesorado e profesionais responsables dos centros socio-sanitarios nas que se desenvolvan.
- i) Calquera outra función que lle encomende a Xunta de Facultade no ámbito das súas competencias.

CAPÍTULO VII: DA COMISIÓN DA BIBLIOTECA

Artigo 34.- Rexerase en tódolos aspectos polo que determine o Regulamento da Biblioteca da Universidade de Santiago.

Artigo 35.- Composición da comisión:

- a) Decano/a ou persoa en quen delegue, que a presidirá.
- b) O director da biblioteca, que actuará como secretario.
- c) 5 membros do PDI, representantes de áreas de coñecemento que participan na docencia do título, proporcionalmente á carga lectiva.
- d) 2 estudantes.

TÍTULO III: DOS COORDINADORES

CAPÍTULO I: DO COORDINADOR DO TÍTULO DE GRAO OU MESTRADO

Artigo 36.- O coordinador do título será o responsable de lideralo e organizalo. Deberá ser un profesor/a doutor/a con vinculación permanente á USC, dedicación exclusiva e docencia no título que coordina. En situacións excepcionais, o coordinadores do grao poderá ser profesor non doutor, pero deberá cumprir as demais condicións.

Artigo 37.- No caso de cesamento, dimisión ou baixa por calquera circunstancia do/a coordinador/a do título, corresponderalle exercer estas funcións ao docente de maior categoría e mais antigüidade na Universidade que forme parte da comisión do título ata que se proceda ao nomeamento do/a novo/a coordinador/a.

Artigo 38.- Competencias do/a coordinador/a do título de grado ou mestrado:

- a) Actuar en representación do título, dirixilo e coordinalo.
- b) Dar traslado da proposta de PDA formulada pola comisión do título ao/á decano/a para a súa aprobación inicial pola xunta de centro e posterior aprobación pola vicerreitoría con competencias na materia.
- c) Difundir entre o profesorado do título calquera información relativa á súa xestión académica.
- d) Coordinar os procesos de avaliación de calidade do título de acordo co SGIC aplicable e trasladar a información que proceda á comisión de calidade do centro.
- e) Asumir todas las competencias relativas ás actas que lle outorga a normativa vixente.
- f) Calquera outra función que lle fora asignada polos órganos competentes.

Artigo 39.- A renovación do coordinador/a do grado efectuarase cada catro anos. A duración máxima no posto de coordinador/a será 8 anos consecutivos.

CAPÍTULO II: COORDINADOR/A DE TÍTULOS INTERUNIVERSITARIOS

Artigo 40.- Os títulos interuniversitarios nos que participe a USC que contemplan a figura dun coordinador xeral ou interuniversitario tamén terán unha persoa coordinadora do título na USC,

que será elixida igual que no caso dos títulos exclusivos da USC e exercerá as mesmas funcións, ademais das propias que estableza o convenio ou que deriven do seu carácter interuniversitario.

Artigo 41.- Cando a USC sexa coordinadora do título interuniversitario, as funcións de ambos os cargos (coordinador/a xeral do título e coordinador/a local da USC), de existiren, deberán estar ben definidas e diferenciadas no convenio interuniversitario e no Regulamento de Réxime Interno. As funcións serán as xa definidas, ademais das propias que estableza o convenio ou que deriven do seu carácter interuniversitario.

TÍTULO IV: DA REFORMA DO REGULAMENTO

Artigo 42.- A reforma do Regulamento de réxime interno da Facultade iníciase por decisión da decana ou decano, adoptada por iniciativa propia ou a proposta do 25% dos membros da Xunta de Facultade.

Artigo 43.- As propostas de reforma de regulamento, debidamente articuladas e motivadas, poñeranse ao dispor dos membros da Xunta de Facultade coa convocatoria da sesión na que vaian ser debatidas. Darase un prazo mínimo de cinco días hábiles para a presentación de emendas antes da celebración da sesión da Xunta de Facultade.

Artigo 44.- Para que a reforma sexa adoptada, será preciso que reciba o voto favorable da maioría simple dos membros da Xunta de Facultade. Unha vez aprobada, elevarase ao Consello de Goberno para a súa ratificación.

DISPOSICIÓN ADICIONAIS

Disposición adicional primeira

O presente Regulamento debe ser integrado e interpretado no marco do disposto nos Estatutos da Universidade de Santiago de Compostela, e das normas legais e regulamentarias sobre ensino universitario.

Disposición adicional segunda

Para o que non estea previsto no presente Regulamento aplicarase o establecido nos Estatutos e demais normativa propia da Universidade de Santiago de Compostela, así como na Lei 39/2015 de 1 de outubro, do Procedemento administrativo común das Administracións Públicas e a Lei 40/2015, de 1 de outubro de Réxime Xurídico do Sector Público.

Disposición adicional terceira

Contéplase a posibilidade de celebrar as reunións polos seguintes medios non presenciais:

- a) A través de videoconferencia en tempo real, dende outro centro da USC.
- b) A través do correo electrónico establecendo unha data e hora límite para a súa celebración.

Estes medios non poderán ser utilizados no caso de que se requira votación secreta.

DISPOSICIÓN FINAL

O presente Regulamento entrará en vigor ao día seguinte da súa ratificación polo Consello de Goberno da USC.